



Concello da Pobra do Caramiñal

Expte nº 3710/2021

RESOLUCIÓN

Logo de ver a proposta de Bases elaboradas pola Concellaría de Igualdade para a convocatoria do **CONCURSO DE LEMAS ILUSTRADOS PARA O FOMENTO DA IGUALDADE E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**.

Visto o art. 4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e a disposición adicional 10ª da mesma, e tendo en conta que neste caso non se trata de premios que se concedan sen previa solicitude do beneficiario, e a fiscalización de conformidade da Intervención municipal.

Visto que o importe dos premios convocados é de 420,00 € e que existe crédito orzamentario na aplicación orzamentaria 2313.22109.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras e a Convocatoria do **CONCURSO DE LEMAS ILUSTRADOS PARA O FOMENTO DA IGUALDADE E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO** que se inclúen como anexo a esta Resolución.

SEGUNDO.- Autoriza-lo gasto para a concesión dos premios por importe 420,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 1722.22109.

TERCEIRO.- Dispoñer que se de publicidade ás presentes Bases mediante a súa publicación no Taboleiro de edictos da Corporación e mediante carteis e folletos informativos e outros medios que sexan precisos para xeral coñecemento.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que sesión que celebre.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

O secretario

(documento asinado dixitalmente)

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280



Cod. Validación: NH3CZ6Y64MQCHUWXS9JZKXWVF | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



Concello da Pobra do Caramiñal

ANEXO

BASES PARA O CONCURSO DE LEMAS ILUSTRADOS PARA O FOMENTO DA IGUALDADE E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

1. FINALIDADE

A Concellaría de Igualdade do Concello da Pobra do Caramiñal convoca o “**Concurso de lemas ilustrados para o fomento da igualdade e a loita contra a violencia de xénero**” co obxecto de fomentar, impulsar e promociona-la igualdade e conmemorar o día 25 de novembro Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, a través lemas con ilustracións con temáticas diversas de loita contra a violencia de xénero e fomento da igualdade.

As ilustracións seleccionadas serán portada do Facebook da Concellaría de Igualdade da Pobra durante un mes.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar tódalas persoas a partir de 12 anos de idade (incluído).

As persoas menores de idade terán que contar coa autorización da persoa que teña a súa representación legal (nai, pai ou titor/a legal). Se non dispoñen desta autorización serán excluídas do concurso.

3. TEMAS

As ilustracións ou debuxos con lema deberán ser relacionados co fomento, impulso ou promoción da igualdade ou de loita contra a violencia de xénero. As temáticas serán as seguintes:

- Violencia vicaria
- Fenda de Xénero
- Corresponsabilidade
- Acoso sexual
- Coeducación
- Violencia física
- Machismo
- Novas masculinidades
- Feminismo
- Micromachismos
- Violencia psicolóxica
- Círculo da Violencia

4. FORMATO DAS ILUSTRACIÓNS CON LEMA E PERIODO DE ENTREGA

Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, e cada persoa pode presentar unha obra por cada unha das temáticas. O debuxo ou ilustración con lema realizarase en lámina de tamaño folio o DIN A4 a unha soa cara. A técnica de debuxo será libre pero serán admitidas exclusivamente as técnicas

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280



Cod. Validación: NH3CZ6Y64M0CCHUWY5P9JZK1WVF | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



Concello da Pobra do Caramiñal

manuais na realización do debuxo como lapis, pincel, tinta, carbón vexetal, etc., quedando expresamente prohibido o uso de recursos dixitais ou tecnolóxicos.

5. PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

O período de entrega das ilustracións con lema remata o 22 de novembro de 2021 ás 15.00 horas.

Os traballos serán dirixidos á Concellería de Igualdade e entregaranse no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

O debuxo ou ilustración con lema debe presentarse nun sobre onde se indique “Concurso de lemas ilustrados para o fomento da igualdade e a loita contra a violencia de xénero” e na parte posterior do traballo poñer o tema elixido. Irá acompañado dun sobre pechado no que constará: nome, apelidos e identificación da persoa autora, e de ser menor a autorización da persoa que teña a súa representación legal (nai, pai ou titor/a legal), así como o domicilio, localidade, correo electrónico e/ou teléfono de contacto. Tamén debe constar a temática elixida das enumeradas na base núm. 3.

6. XURADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os traballos gañadores do concurso serán elixidos por un xurado de entre tódalas propostas que cumpran os requisitos sinalados nas bases e recibidos dentro do prazo fixado.

As obras serán trasladadas ó xurado mantendo o anonimato das persoas participantes.

O xurado será nomeado pola Concellaría de Igualdade.

Os criterios a ter en conta para a valoración das obras serán:

- Deseños debuxados e/ou pintados que mellor plasmen o tema.
- Orixinalidade nos deseños debuxados e/ou pintados.
- O lema das mensaxes a transmitir.

A obra participante non deberá estar presentada noutro concurso similar.

A decisión do xurado será inapelable.

7. COMUNICACIÓN DO DICTAME DO XURADO

As persoas gañadoras serán nomeadas por unha resolución da Alcaldía, que se publicará no Facebook da Concellaría de Igualdade da Pobra do Caramiñal e na web municipal www.apobra.gal. Tamén se avisará a través do correo electrónico ou teléfono as persoas gañadoras.

Realizarase un acto formal no Auditorio do Museo Valle-Inclán o día 27 de novembro de 2021 ás 19:00 h na que se dará lectura o ditame do xurado e entréganse os premios as persoas gañadoras.

8. PREMIOS

Os premios consistirán exclusivamente en bonos de compra na plataforma web do comercio local <http://www.deanshop.es>. Establécense 3 premios en relación cos temas enumerados na base núm. 3.

Concello da Pobra do Caramiñal





Concello da Pobra do Caramiñal

Primeiro premio, bono valorado en 200€

Segundo premio, bono valorado en 150€

Terceiro premio, bono valorado en 70€

9. PROPIEDAD INTELECTUAL

Todos os traballos presentados quedarán en propiedade do Concello da Pobra do Caramiñal que se reserva o dereito á reprodución, edición e exhibición dos mesmos sen límite de tempo nin lugar en calquera medio ou publicación, facendo sempre mención da autoría dos mesmos.

10. NORMAS FINAIS

A organización do concurso reservase o dereito a deixar desertos o premios se os traballos presentados non alcanzan a calidade mínima ou non plasman a idea central do concurso. A participación no concurso supón a plena aceptación das bases e do fallo do xurado.





Concello da Pobra do Caramiñal

AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE LEMAS ILUSTRADOS PARA O FOMENTO DA IGUALDADE E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL:

Nome e apelidos:

NIF:

Teléfono:

Correo electrónico:

DATOS DO/A MENOR:

Nome:

Idade:

AUTORIZACIÓN

A persoa representante legal antes mencionada autoriza ó menor, tamén mencionado, a participar no “**Concurso de lemas ilustrados para o fomento da igualdade e a loita contra a violencia de xénero**”, organizado polo Concello da Pobra do Caramiñal.

....., a de de 2021

Sinatura:

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280



Cod. Validación: NH3CZ6Y64MQCHUWXSFP9JZKNWF | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5